

ACTA Nº 2018/3**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN****- SALON DE SESIONS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 15 DE FEBREIRO DE 2018**

No salón de sesións a Casa do concello, sendo as 20:00 horas do día 15 de febreiro de 2018, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS

ASISTEN:

BNG

IRIA COUCE REGO

JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL

MIGUEL ANGEL PEDREIRA RODRIGUEZ

PP

AQUILINO SUEIRAS DOPICO

JORGE GONZALEZ ANEIROS

ROCIO LUACES ANTON

AUSENCIAS:

PP

XULIO CRIBEIRO GARCIA

SECRETARIA- INTERVENTORA:

MARIA CONSOLACION COUCE CALVO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación das actas das sesións anteriores (ordinaria 21-12-17 e extraordinarias 12-12-17 e 19-01-18)**

O Pleno da Corporación, prestou a súa aprobación as actas que se relacionan:

- Acta da sesión extraordinaria de 15-12-2017, aprobada por unanimidade dos asistentes
- Acta da sesión ordinaria de 21-12-2017, aprobada por SETE (7) votos a favor e a abstención do Sr. Sueiras Dopico, que non asistiu a mesma
- Acta da sesión extraordinaria de 19-01-2018, aprobada por CINCO (5) votos a favor e a abstención dos srs/a Gonzalez Aneiros, Luaces Anton e Sueiras Dopico que non asistiron a mesma

2.- Dación de contas das resolucións da alcaldía

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dáse conta o Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 15 de decembro de 2017 e o 9 de febreiro de 2017, e que son as que seguen:

Nº expediente	Asunto	Nº decreto	Data firma
2017/G003/000157	Aprobación inicial do padrón de contribuíntes por recollida de lixo, ano 2018	00168/2017	18/12/2017
2017/G003/000163	Formalización contrato menor subministro alarma para nave municipal	00169/2017	21/12/2017
2017/G003/000164	Formalización contrato menor adquisición mobiliario urbano	00170/2017	23/12/2017
2017/G003/000165	Formalización contrato menor para a mellora da sinalización viaria	00171/2017	23/12/2017
2017/G003/000166	Formalización contrato menor mellora da sinalización viaria con bandas redutoras	00172/2017	23/12/2017
2017/G003/000167	Formalización contrato menor adquisición mobiliario urbano	00173/2017	23/12/2017
2017/G003/000168	Formalización contrato menor para mellora de sinalización viaria	00174/2017	23/12/2017
2017/G003/000169	Aprobación expediente de modificación de créditos 11/2017	00175/2017	26/12/2017
2017/G003/000170	Prorroga dos contratos laborais temporais subscritos coas traballadoras do servizo de axuda no fogar	00001/2018	04/01/2018
2017/G003/000171	Aprobación padrón fiscal de abastecemento de auga e servizo de sumidoiro, correspondente ao 3º bimestre de 2017	00002/2018	04/01/2018
2018/G003/000001	Prorroga do orzamento municipal para o exercicio 2018	00004/2018	04/01/2018
2018/G003/000002	Remite solicitude uso local municipal para actividade puntual	00003/2018	04/01/2018
2018/G003/000003	Desestimación recurso administrativo	00005/2018	04/01/2018
2018/G003/000006	Prorroga do contrato laboral do técnico deportivo	00006/2018	10/01/2018
2018/G003/000007	Solicitude de subvención para a contratación de persoal técnico deportivo para o ano 2018	00010/2018	12/01/2018
2018/G003/000008	Solicitude de subvención para a contratación de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2018	00009/2018	12/01/2018
2018/G003/000010	Cambio da data de celebración da sesión ordinaria da xunta de goberno local correspondente o día 10-01-2018	00007/2018	10/01/2018
2018/G003/000011	Autorización de asistencia dunha traballadora municipal a dúas xornadas de formación sobre catalogo colectivo da rede de bibliotecas de galicia	00008/2018	12/01/2018
2018/G003/000012	Apertura prazo prórroga bolsa de emprego dun condutor operario e peón de obras e servizos municipais	00012/2018	17/01/2018
2018/G003/000013	Solicitude de autorización do local social de abade	00011/2018	16/01/2018

2018/G003/000014	Autorización colocación dun posto de churros no espazo de emprendemento comercial	00014/2018	25/01/2018
2018/G003/000016	Autorización uso local social de abade o	00013/2018	23/01/2018
2018/G003/000017	Autorización para a colocación dun posto de embutidos no espazo de emprendemento comercial	00016/2018	26/01/2018
2018/G003/000018	Autorización para a colocación dun posto de embutidos no espazo de emprendemento comercial	00017/2018	26/01/2018
2018/G003/000019	Recoñecemento de trienio	00018/2018	30/01/2018
2018/G003/000020	Autorización para a colocación dun posto de panadería no espazo de emprendemento comercial de san ramón	00019/2018	31/01/2018
2018/G003/000021	Solicitud do local social de abade para obradoiro de disfraces e obradoiro de conservas.	00020/2018	31/01/2018
2018/G003/000022	Concesión dia de asuntos particulares	00021/2018	06/02/2018
2018/G003/000023	Solicitud de subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais	00022/2018	06/02/2018
2018/G003/000024	Solicitud de subvención conxunta para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.	00023/2018	07/02/2018
2018/G003/000025	Adhesión ó programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2018	00024/2018	07/02/2018
2018/G003/000026	Solicitud de subvención da liña en concorrencia competitiva do fondo de compensación ambiental para o ano 2018, ao abeiro da orde do 21/12/2017	00027/2018	08/02/2018
2018/G003/000027	Solicitud de subvenciones dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de risga para o 2018	00026/2018	08/02/2018
2018/G003/000028	Autorización para a asistencia de funcionarios municipais a unha xornada formativa	00025/2018	07/02/2018

A Corporación queda enterada

3.- Modificación constitución mesa de contratación permanente

Sometese a consideración da Corporación a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido e que resultou aprobada por CINCO (5) votos a favor dos membros do Grupo Municipal do BNG e TRES (-) abstencions dos membros do Grupo Municipal do PP

“A Disposición Adicional 2º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que nas entidades locais “ A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control

económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación. “

En consecuencia procede modificar a composición da mesa de contratación permanente deste Concello de Moeche a fin de adecuala as previsións da nova lei, polo que se propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Modificar a composición da mesa de contratación permanente do Concello de Moeche, que quedara integrada polos seguintes membros

Designar como membros da Mesa de Contratación Permanente aos seguintes:

- Presidente/a: Sra. Alcaldesa do Concello de Moeche ou concelleiro en quen delegue
- Vocais: (3)
 - A Secretaria-Interventora da Corporación
 - A Arquitecta-técnica municipal
 - A Axente de Desenvolvemento Local
- Secretario: D. Antonio Garcia Mendez, funcionario municipal ou funcionario que o substitúa.

Todos os membros da Mesa de Contratación Permanente terán voz e voto, a excepción do funcionario que desempeñe a secretaría da mesma, que unicamente terá voz.

As reunións da Mesa de Contratación Permanente poderanse incorporar, previo acordo da mesma e a solicitude do seu Presidente, os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, que actuarán con voz, pero sen voto.

Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e, en todo caso, o Presidente, o Secretario, e o vocal que teña atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico- orzamentario do órgano. “

4.- Aprobación, se procede, do plan normativo do concello para o ano 2018

Sometese a consideración da Corporación a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido e que resultou aprobada por CINCO (5) votos a favor dos membros do Grupo Municipal do BNG e TRES (-) abstencions dos membros do Grupo Municipal do PP

“Sendo necesario aprobar o Plan anual normativo deste Concello, conforme ao previsto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., pola presente propónse o Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobamos a Proposta de Plan anual normativo para 2018 do Concello de Moeche, así como as directrices para a consulta pública previa da cidadanía no procedemento de elaboración de normas que se inclúen como anexos o presente acordo:

ANEXO I

."PLAN NORMATIVO ANUAL DE MOECHE - 2018"

ÍNDICE:

- I.Exposición de motivos.
- II.Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación.
- III.Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.
- IV.Programación temporal estimada de execución do plan.

I.Exposición de motivos.

O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobaren e publicaren anualmente no portal de transparencia un "plan normativo" que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte:

"Artigo 132. Planificación normativa.

- 1. Anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser tramitadas para a súa aprobación no ano seguinte.*
- 2. Unha vez aprobado, o plan anual normativo publicarase no portal da transparencia da Administración pública correspondente."*

A Disposición Derradeira Quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que no prazo máximo de un ano dende a entrada en vigor da Lei (2/10/2016), deberanse adecuar a mesma as normas reguladoras dos distintos procedementos que sexan incompatibles con esta lei:

"Disposición derradeira quinta. Adaptación normativa.

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor da lei, deberanse adecuar a ela as normas reguladoras estatais, autonómicas e locais dos distintos procedementos normativos que sexan incompatibles co previsto nesta lei."

Na exposición de motivos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, atópanse as razón e finalidades que o lexislador pretende acadar con esta novidosa regulación:

"Durante os máis de vinte anos de vixencia da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no seo da Comisión Europea e da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos foise avanzando na mellora da produción normativa («Better regulation» e «Smart regulation»). Os diversos informes internacionais sobre a materia definen a regulación intelixente como un marco xurídico de calidade, que permite o cumprimento dun obxectivo regulatorio a un tempo que ofrece os incentivos adecuados para dinamizar a actividade económica, permite simplificar procesos e reducir cargas administrativas. Para isto, resulta esencial unha adecuada análise de impacto das normas de forma continua, tanto ex ante

como ex post, así como a participación dos cidadáns e das empresas nos procesos de elaboración normativa, pois sobre eles recae o cumprimento das leis."

Despois da consulta ás diferentes áreas municipais e coas persoas titulares das Concellerías-Delegadas, formuláronse e trasladáronse as súas propostas regulamentarias, de acordo coas demandas e necesidades de mellora e implementación de regulacións máis favorábeis para a veciñanza. Neste sentido, acompáñase este plan cunha proposta para someter á consulta pública previa as ordenanzas que se pretenden regular, así como o establecemento da exención da consulta previa nalgunhas outras. Na proposta, expónse unha breve descrición dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.

II. Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación ou derogación:

- Ordenanza reguladora da tenencia de animais potencialmente perigosos
- Ordenanza xeral de subvencións
- Regulamento de protocolo
- Regulamento de distincións honoríficas
- Ordenanza reguladora do prezo público por ocupación do dominio público local con venda ambulante
- Modificación da Taxa pola prestación do servizo de subministración de auga a domicilio
- Ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

III. Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.

- Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais en relación cos traballos forestais e similares.
- Ordenanza Reguladora do prezo público polo servizo de limpeza de terreos e predios.
- Ordenanza municipal reguladora das feiras e de venda ambulante ou non sedentaria.
- Regulamento municipal do Mercado de Moeche.
- Regulamento de participación cidadá.
- Ordenanza para o uso social da lingua galega.
- Regulamento orgánico municipal.

IV. Programación temporal estimada de execución do Plan.

O plan normativo proposto, sen ter un carácter vinculante, será desenvolto e executado polo goberno municipal coa intención de ter aprobadas, modificadas ou derogadas todas as ordenanzas que se propoñen ao longo deste ano, e no caso de que non puidera ser así, que os traballos sobre as mesmas estean o suficientemente adiantados para que sexan aprobadas ao inicio de 2019.

Así mesmo, o cronograma da proposta é orientativo, de tal xeito, que se pode dar a posibilidade de adiantar as fases, debido entre outras razóns, a que algunhas modificacións das ordenanzas son mínimas, e non requiren consulta previa.

Unha vez que se fagan as consultas previas á cidadanía, seguirase o procedemento establecido na lei, dándolle prioridade a aprobación das modificacións que foron propostas e aprobadas pola Corporación Municipal.

Fases:

- 1.Primeiro trimestre de 2018: Fase de revisión de regulamentos/ordenanzas existentes e de estudo previo dos novos regulamentos ou ordenanzas a aprobar, así como de redacción dos proxectos previos.
- 2.Segundo trimestre de 2018: Fase de consulta pública (participación cidadá) dos proxectos de ordenanzas e regulamentos e redacción dos textos definitivos.
- 3.Segundo-terceiro trimestre de 2018: Fase de elaboración de expedientes para a aprobación (inicial, exposición pública, e definitiva) e publicación dos regulamentos/ordenanzas, a medida que se complete a información pública previa.

ANEXO II

DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN E MODIFICACIÓN DAS NORMAS MUNICIPAIS EN 2018 DO CONCELLO DE MOECHE

I. Obxecto

As presentes Directrices teñen por obxecto incorporar a consulta pública previa no procedemento de elaboración e modificación das normas municipais, que vai anexo á aprobación do Plan Anual Normativo conforme ás obrigas legais establecidas no Título VI da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* (LPAC).

II. Directrices sobre a Consulta Pública previa no procedemento de elaboración e modificación das normas municipais

1- Definición e obxectivo da consulta pública previa

Con carácter previo á redacción ou modificación dun texto normativo, formularase unha consulta pública a través do portal web do Concello de Moeche (www.moeche.gal), na cal se recabará a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, nos termos establecidos no artigo 133 da LPAC.

2- Destinatarios

Os destinatarios da consulta pública serán as persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Municipio de Pontearreas, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que poidan resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3- Ámbito de aplicación

- a) A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto do proxecto ou anteprojecto de ordenanza ou de modificación das existentes.
- b) Poderá excluírse do trámite de consulta pública as iniciativas para a aprobación ou modificación dos seguintes textos normativos:
 - normas orzamentarias
 - normas organizativas
 - cando concorran razóns graves de interese público que así o xustifique
 - cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes ós destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia

–cando a normativa reguladora do exercicio da potestade regulamentaria prevea unha tramitación urxente que así o exima

–cando por razón de materia o procedemento veña regulado en lei especial que o exima ou o faga incompatible

A concorrencia dunha ou varias destas causas, debidamente motivadas, se xustificarán na Memoria ou Limiar que acompañe o texto que se pretenda aprobar.

4- Órgano competente, contido e prazo.

a) Corresponderá á Alcaldesa, no exercicio da súa función de dirixir o goberno e a administración municipal (art. 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), propor ao Pleno o sometemento a consulta pública das iniciativas normativas co seguinte contido mínimo:

- os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- a necesidade e oportunidade da súa aprobación
- os obxectivos da norma ou modificación proposta
- as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

b) A consulta pública previa deberá realizarse de tal forma que todos os potenciais destinatarios da norma teñan a posibilidade de emitir a súa opinión:

- o órgano proponente elaborará unha descrición clara e concisa dos extremos obrigatorios sinalados na letra anterior, podendo engadir calquera outra información que considere relevante para a consulta
- deberá identificar e facilitar, con enlaces dende a propia consulta na web do Concello, de forma clara e accesible, os documentos necesarios para reunir toda a información necesaria que permitan formar unha opinión informada e pronunciarse sobre a materia.
- deberá proporcionarse un tempo suficiente que se expresará na consulta, contado dende o día seguinte á súa publicación, xunto coa documentación anexa a que se refire o parágrafo anterior, no portal web do Concello.

c) No caso de concorrer algún dos supostos recollidos no punto 3.b, o órgano proponente poderá solicitar ó Pleno que non se someta unha determinada iniciativa normativa a consulta pública previa, xustificándoo motivadamente na súa solicitude. A apreciación destas circunstancias e suficiente motivación, corresponderá ó Pleno, que resolverá se procede a excepción.

d) O contido da consulta pública previa, ou no seu caso a súa excepción, han de reflectirse no expediente de aprobación da norma cando se someta ña aprobación inicial polo Pleno da Corporación.

5- Posta en funcionamento da consulta pública previa

a) No portal web do concello figurará de forma accesible un listado das iniciativas normativas para as que estea aberto o trámite de consulta previa, co título e a data en que remata o prazo da consulta

b) Respecto de cada Consulta haberá unha referencia a un enderezo electrónico ou rexistro habilitado para que os cidadáns e as organizacións manifesten a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

c) Unha vez transcorrido o prazo dunha consulta pública, pecharase a posibilidade de recibir novas opinións polos medios habilitados, sen prexuízo de que o contido siga estando dispoñible no portal web.

d) Rematado o prazo da consulta, o resultado será remitido á Alcaldesa ou concelleiro/a competente por delegación, con indicación do número de participantes e opinións emitidas. Este resumo formará parte da Memoria ou Limiar do proxecto de texto da norma que, no seu caso, se propoña aprobar ou modificar. Así mesmo, indicarse unha breve valoración das achegas, coa xustificación sucinta dos motivos de aceptación ou rexeitamento.

5.- Posta en coñecemento da Corporación do Plan de mellora de camiños municipais

Pola Alcadesa ponse en coñecemento da corporación da solicitude presentada ante o AGADER os efectos de incluír no Plan de melloras Municipais o proxecto denominado “*Pavimentación e mellora dos camiños de Abelleira-Amosa, San Xiao de arriba, o Vilar e outros*” cun orzamento de execución por contrata de 43.255,54 € máis 9.083,66 € de IVE, o que da un total de 52.339,20 euros.

A Corporación queda enterada

6- Actividade de control dos órganos de goberno

Aberto a quenda de rogos e preguntas non se producen ningún

E, non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión sendo as 20:20 horas do día indicado no encabezamento , da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Consolación Couce Calvo

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras